

HOMENAXE A ROSALÍA DE CASTRO. Certame poético 2024

BASES:

A Concellaría de Cultura, a través das bibliotecas municipais ven de convocar o Certame de poesía homenaxe a Rosalía de Castro cos seguintes puntos :

- 1.- As persoas participantes serán alumnos e alumnas dos niveis 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- 2.- O tema da poesía será libre e a extensión dun máximo de 20 versos. O idioma poderá ser galego ou castelán.
- 3.- Haberá tres premios por nivel.
- 4.- Establécese un premio global que, elixido entre os tres primeiros, consistirá nunha tablet. O resto dos premios serán lotes de libros.
- 5.- Os traballos presentaranse do seguinte xeito: a poesía debe levar o título da mesma e un pseudónimo da persoa autora. Logo, nun sobre pequeno, deben aparecer os datos da persoa participante: nome e apelidos, nº teléfono. Neste sobre, na parte externa, debe constar o pseudónimo. Poesía e sobre pequeno deberán incluírse nun sobre de maior tamaño para a entrega.

Os colexios que decidan participar, poderán enviar os traballos de xeito conxunto de participantes do colexio en sobres por niveis e unha listaxe de pseudónimos cos datos solicitados.

- 6.- A data máxima de entrega de traballos será o día 8 de febreiro, ata as 19:30 horas, na Biblioteca Central no Centro Cívico Cultural de Arteixo, no paseo fluvial.
- 7.- As persoas finalistas serán avisadas, presentaranse o sábado día 17 de febreiro, na Biblioteca Central ás 11:30 horas e procederán a declamar as poesías para que o xurado decida os premios definitivos que se entregarán ao remate do acto.

CONTAREMOS COA PRESENCIA DE **YOLANDA CASTAÑO** PARA O 17 DE FEBREIRO